

de dous meses contados desde a publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia* e no BOP (contarase desde a data en que se produza a última destas publicacións).

O dito recurso contencioso-administrativo fronte a esta disposición xeral interporase naquel prazo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con sede na Coruña.

Vimianzo, 27 de outubro de 2005.

Alejandro Rodríguez Lema
Alcalde

c) OUTROS ANUNCIOS

FUNDACIÓN PÚBLICA CENTRO DE TRANSFUSIÓN DE GALICIA

Cédula do 9 de novembro de 2005 pola que se lles notifica aos interesados o acordo de suspensión do proceso selectivo de persoal laboral fixo adoptado polo Padroado da Fundación Centro de Transfusión de Galicia.

Para xeral coñecemento de todos os interesados no proceso selectivo de persoal laboral fixo iniciado por convocatoria da Dirección Técnica anunciada no *Diario Oficial de Galicia* do 10 de xuño de 2005, notifícase que o Padroado da *Fundación Centro de Transfusión de Galicia*, na súa reunión do 2 de novembro de 2005, acordou por unanimidade suspender o dito proceso selectivo e esperar a resolución xudicial do recurso contencioso-administrativo interposto contra a dita convocatoria que se tramita polo procedemento abreviado (número 757/2005) ante o Xulgado número un de Santiago de Compostela.

O dito acordo, que implica a suspensión do procedemento na fase actual da súa tramitación, e sen prexuízo da decisión xurídica que posteriormente proceda, vén motivado polos informes xurídicos postos á disposición do Padroado, os cales aprecian infraccións graves do ordenamento xurídico, tanto no que se refire aos trámites previos á formalización da convocatoria, coma ao propio contido das bases aplicables.

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2005.

María José Rubio Vidal
Presidenta do Padroado

COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA

Anuncio.

Por resolución do director xerente económico-administrativo da CRTVG e as súas sociedades, ordé-

nase a publicación das resolucións adoptadas en relación cos expedientes de contratación seguintes:

Expediente nº: 20323C.

Concepto: subministración e instalación dun sistema de distribución de tráfico de voz e datos no novo edificio da CRTVG en San Marcos, Santiago de Compostela.

Empresa adxudicataria: *Altia Consultores, S.L.*

Importe da adxudicación: corenta e catro mil euros (44.000 €).

Expediente nº: 20351C.

Concepto: servizo de integración telefónica para a CRTVG e as súas sociedades, *TVG, S.A.* e *RTG, S.A.*

Empresa adxudicataria: *Centro de Atención de Llamadas, S.A.*

Importe da adxudicación: cen mil catrocentos cincuenta e cinco euros (100.455 €).

Expediente nº: 21234C.

Concepto: subministración de software para a xestión da publicidade de *TVG, S.A.* e *RTG, S.A.*

Empresa adxudicataria: *CCRTV Servéis Generals, S.A.*

Importe da adxudicación: cento corenta e sete mil trece euros (147.013 €).

Expediente nº: 30590C.

Concepto: subministración dun conmutador e a súa integración coa instalación da rede local da CRTVG.

Empresa adxudicataria: *Emetel Sistemas, S.L.*

Importe da adxudicación: corenta e cinco mil trescentos quince euros con oitenta e oito céntimos (45.003,46 €).

Expediente nº: 30739C.

Concepto: subministración de equipamento diverso para a cociña da CRTVG.

Empresa adxudicataria: *Fagor Industrial, S. Coop.*

Importe da adxudicación: sesenta e oito mil trescentos quince euros con oitenta e oito céntimos (68.315,88 €).

Expediente nº: 30740C.

Concepto: execución da obra de ampliación da área de almacéns e neveiras da cociña da CRTVG.

Empresa adxudicataria: *Edificación e Infraestructura, S.A.*

Importe da adxudicación: noventa mil douscentos noventa e catro euros (90.294 €).

Expediente nº: 30746C.

Concepto: execución da obra de acondicionamento da entrada ao edificio posterior da CRTVG.

Empresa adxudicataria: *Edificación e Infraestructura, S.A.*

Importe da adxudicación: cento sesenta e un mil sesenta e nove euros (161.069 €).

Expediente nº: 40069CT.

Concepto: servizo de mantemento técnico dos elementos principais da electrónica da rede local da CRTVG e *TVG, S.A.*